

PROPOSTA INICIAL DE ADXUDICACIÓN DE ESPAZOS DE TRABALLO NO ETC DE SOLLÁNS

Considerando que, mediante Decreto da alcaldía de 2 de xullo de 2019 (520/19), acordouse aprobar o proxecto e o prego de condicións da concesión dos espazos de traballo colaborativos do ETC de Solláns e sometelos a exposición pública, e aprobar o expediente de concesión, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

Considerando que con data de 4, 5 e 9 de xullo de 2019, respectivamente, publicouse no taboleiro de edictos do Concello, na sede electrónica e no BOP (nº 128), correxido mediante publicación no BOP (138) e no taboleiro o 23 de xullo de 2019 e na sede de 26 de xullo, o anuncio correspondente de exposición pública e apertura do procedemento para a concesión de espazos de traballo no ETC de Solláns.

Considerando que rematado o prazo habilitado ao efecto presentaron solicitudes as persoas que se detallan a continuación, nas datas que así mesmo se indican:

Nº rexistro	Data	Nome e apelidos
4.930	31/07/2019	Óscar Villán Seoane
5.106	12/08/2019	Iván Piñeiro Iglesias
5.121	13/08/2019	José Luis Iglesias Allones
5.137	14/08/2019	Marta Rodríguez Buela
6.443	17/09/2019	Nina Castro Domínguez

Considerando que con data de 31 de outubro de 2019 realizouse a apertura do sobre A, de documentación administrativa, presentado polas persoas indicadas e con data de 18 de decembro de 2019 realizouse a comprobación dos proxectos empresariais, procedéndose a facer os correspondentes requerimentos de subsanación de documentación.

Considerando que, con data de 10 de febreiro de 2020, procedeuse a comprobar a documentación aportada polas persoas interesadas, constatando que a mesma se axusta ao esixido no prego, agás no caso de Nina Castro Domínguez, que non atendeu ao requerimento de subsanación polo que quedará excluída do procedemento de adxudicación.

Considerando que, do actuado no expediente, despréndese que procede agora realizar a proposta inicial de adxudicación, de conformidade co previsto na cláusula 8 do prego de condicións.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente, por medio da presente PROPOÑENSE inicialmente como adxudicatarias de espazos de traballo no ETC de Solláns ás persoas que se detallan a continuación, que deberán aboar as tarifas que así mesmo se indican.

APELIDOS E NOME	DATA E Nº DE REXISTRO DE ENTRADA	ESPAZO DE TRABALLO	TAXA
Villán Seoane, Óscar	31/07/19 (nº 4.930)	Período de tres meses en xornada parcial (6 horas/día)	30 €
Piñeiro Iglesias, Iván	12/08/19 (nº 5.106)	Período de seis meses en xornada estendida (12 horas/día)	0 € <i>Bonificación 100% (art. 7 Ordenanza (BOP 29/11/2018 e BOP 02/05/2019))</i>
Iglesias Allones, José Luis	13/08/19 (nº 5.121)	Período de seis meses en xornada parcial (6 horas/día)	30 €
Rodríguez Buela, Marta	14/08/19 (nº 5.137)	Período de doce meses en xornada parcial (6 horas/día)	21 € <i>Bonificación 30% (art. 7 Ordenanza (BOP 29/11/2018 e BOP 02/05/19))</i>

O aboamento das tarifas e a presentación no Rexistro xeral do concello do xustificante correspondente, deberá ter lugar no prazo **de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente na páxina web do concello.**

Os que non realicen o citado abono (ou non presente o xustificante) no prazo indicado serán excluídos na proposta definitiva de adxudicación.

O aboamento destas tarifas deberá efectuarse na conta que o concello ten na entidade Banco Sabadell (ES03 0081 2154 71 0001001109).

No xustificante de aboamento deberá facerse constar o concepto polo que se paga “CONCESIÓN DE ESPAZOS DE TRABALLO NO ETC DE SOLLÁNS” e o nome e apelidos do/a proposto/a inicialmente como adxudicatario/a.

Tendo en conta o recollido no Regulamento e na Ordenanza do ETC de Solláns, e no prego de condicións que regula o presente procedemento, e sen prexuízo da necesidade de modificar, para coordinar, as normas citadas, a tarifa que se recolle na presente equivale á primeira mensuralidade de utilización do espazo de traballo, o que será debidamente compensado cando se inicie o aproveitamento.

A presente proposta inicial de adxudicación considerarase definitiva unha vez transcorrido o prazo para o aboamento das tarifas, agás que algún dos solicitantes inicialmente incluídos na proposta non aboe as tarifas ou non presente no concello o xustificante correspondente dentro do prazo habilitado ao efecto.

A presente proposta deberá ser obxecto de publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

Teo, asinado na data da sinatura dixital do presente.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira